


Rúa Carbón

Din que innumerábeis son os relatos do mundo, e de entre eles, o que podemos ler baixo o título de *Rúa Carbón*, arrisca cunha temática na que a forza da ficción vai impregnada de subtileza, e onde a sensación de realidade introdúcese pola pescuda da protagonista no diario da súa nai, Maite, ou en Internet, para saber de feitos do pasado como o proceso de Burgos. A autora, Marilar Aleixandre (1947), narradora e poeta que recibiu importantes premios polas súas obras, é tamén ben coñecida na súa faceta de autora de literatura infantil e xuvenil, eido no que vén de publicar esta súa última obra. Da súa biografía destácase que aprendeu a escribir redactando, como Maite en *Rúa Carbón*, panfletos para revistas clandestinas, que eran case todas cando ela estudaba Bioloxía, e que agora vive en Santiago de Compostela, onde é catedrática de Didáctica das Ciencias na Universidade.

Na historia que se nos conta, entre moitas outras cousas, atoparemos a viaxe de Vigo a Donosti que vai facer unha rapaza a piques de cumprir dezasete anos, chamada Paula Uriarte, para pasar as vacacións de agosto coas súas avoas. Viaxe que vai abrir outra cara ao interior da protagonista, que a leva a namorar e a madurar ao longo do periplo, e a regresar convertida nunha persoa diferente. Novela de iniciación, engaiola cunha estrutura rexa e clara e a sensible recreación dos



De viaxes e de preguntas



LAURA CAVEIRO

ambientes, dende o dun concerto do grupo Enemigos en Malpica ata o dunha praza de Euskadi dividida en dous bandos de manifestantes e contramanifestantes, ou o dun grupo de mozos e mozas que cruzan a Ponte Zurriola para chegar á súa cita diante do Kursaal.

Viaxará tamén o lector, canda o ánimo de Paula, dende a fin da etapa dunha cómoda infancia, ata comezar outra, a da vertixe de ser unha adulta ferida por contradicións e problemas. A diferenza é que no canto de ser unha novela de descuberta só dunha parte do mundo adulto, como a convulsión ao namorar de Martín, a proposta narrativa de Marilar Aleixandre vai máis alá e chega ata a descuberta doutra re-

alidade do mundo dos adultos moito máis crúa: a da violencia de ETA e do seu contorno. Realidade que Paula Uriarte ten que afrontar dun xeito problemático cando lle revelan que o seu pai biolóxico, morto, a quen cría falecido nun accidente de tránsito, era un etarra ao que lle estoupara unha bomba antes de colocala no seu mortal obxectivo. Nas vacacións de agosto do 2001 en Donosti quere coñecer mellor quen foi o seu pai, e odiará facelo ao mesmo tempo, magoada por uns feitos do pasado que vai lendo no diario da súa nai, e polos acontecementos que ela mesma vive no presente. Tamén vai coñecer mellor a Maite, ao lerlle o que moitos anos antes escribiu, esgazada e namorada de Iñaki. Repítense na vida as mesmas escenas, aínda que nunha versión atenuada, cando vinte anos despois a súa filla Paula namora de Martín, un veciño de sempre a quen redescubrirá dentro da Rúa Carbón e da kale borroka que os separa.

Tanto Martín e a protagonista no presente, como Maite e Iñaki no pasado escrito no diario, manteñen a tensión do relato, sendo personaxes dos que sempre estamos agardando algo. Valerase Marilar Aleixandre para lograr ese efecto de elementos románticos, adaptando os meandros da acción ao devalar dos sentimentos encontrados de Paula, e á evolución dela mesma: de como vai cruzar a risca que separa aos que están na idade en que os pais resolven os problemas máis grosos dos que se enfrontan aos sarillos pola súa conta.

ALEIXANDRE, Marilar, *Rúa Carbón*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 215 páxinas

AUTORA SABE MANTER A
TENSIÓN DO RELATO A
TRAVÉS DUNS
PERSONAXES EN
CONSTANTE ACTIVIDADE